




(Sinatura do Presidente)

Folio N.º1

Serie A N.º 2791356

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de xuño de 2014



APEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o seis de xuño do ano dous mil catorce, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández, don José Antonio Feijóo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asiste o deputado provincial e vicepresidente 1º, don Rosendo Luis Fernández Fernández.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO DÍA 30 DE MAIO DE 2014.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día trinta de maio de dous mil catorce, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS A TRAVÉS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2013.- A través do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2013 concedéuselle ó Concello do Barco de Valdeorras unha subvención de 30.972,36 € para a obra “urbanización da rúa San Roque”, cun orzamento en execución por contrata estimado inicialmente en 79.900,00 €.

A dita obra foi adxudicada polo Concello por un importe en execución por contrata de 72.436,00 €, co que a subvención provincial tería que ter experimentado unha redución automática ó importe de 28.184,84 € (reducíndose de modo proporcional á baixa producida na licitación).




(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º2

Serie A N.º 2791356

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de xuño de 2014



APPEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS

Emporiso, e debido a un erro do concello, comunicóuselle a esta Deputación Provincial o importe de adxudicación do contrato sen o IVE, co que o referido importe se reduciu a 59.564,46 €, o que, á súa vez, determinou que a subvención provincial recoñecida se reducise a 23.176,53 €.

Como consecuencia do citado erro, reduciuse a subvención provincial nun importe de 5.008,31 €.

Unha vez emendado o mencionado erro, ó terse presentado certificación do concello acreditativa do prezo total da adxudicación, procede recoñecer a favor do referido concello o dereito ó cobro da diferenza entre a subvención erroneamente recoñecida e a que realmente lle correspondería.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Recoñecer extraxudicialmente un crédito a favor do Concello do Barco de Valdeorras por importe de 5.008,31 €, correspondente ó resto da subvención prevista no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos do exercicio 2013, para a obra de “urbanización da rúa San Roque”, non recoñecida no exercicio anterior a causa dun erro na documentación remitida no seu día polo concello.

A eficacia do recoñecemento extraxudicial de crédito queda condicionada á presentación ante esta Deputación Provincial da documentación acreditativa da total execución e entrega das obras.

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTO ESCUELAS DE OURENSE.

- No Pleno con data 28 de febreiro de 2014 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2014 de modificación das bases de execución do actual orzamento. Habilitouse crédito no capítulo IV de gastos do dito orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.05 unha subvención nominativa, por importe de 14.400,00 euros, a favor da Asociación Provincial de Auto Escuelas de Ourense para a campaña de educación viaria provincial correspondente ó ano 2014.


Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º3

Serie A N.º 2791356



APEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de xuño de 2014

proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Provincial de Auto Escuelas de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 14.400,00 €.

-Obxecto: a campaña de educación viaria provincial correspondente ó ano 2014.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2014.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO ASOCIADO DA UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA EN OURENSE.-

No Pleno de data 28 de febreiro de 2014 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2014 de modificación das bases de execución do actual orzamento. Habilitouse crédito no capítulo IV de gastos do dito orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.05 unha subvención nominativa, por importe de 2.000,00 euros, a favor do Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia en Ourense, para a realización do curso de extensión universitaria da UNED: galegos de Ourense, literatos, artistas e políticos, correspondente ó ano 2013.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º4

Serie A N.º 2791356

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de xuño de 2014



APEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS

lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia; a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia en Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 2.000,00 €.

-Obxecto: a realización do curso de extensión universitaria da UNED: galegos de Ourense, literatos, artistas e políticos, correspondente ó ano 2013.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de xullo de 2014.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN FERIAS Y EXPOSICIONES

DE OURENSE.- No Pleno de data 28 de febreiro de 2014 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2014 de modificación das bases de execución do actual orzamento. Habilitouse crédito no capítulo IV de gastos do dito orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.05 unha subvención nominativa, por importe de 1.500,00 euros, a favor da Fundación Ferias y Exposiciones de Ourense para os premios do Concurso de Proxectos Tecnolóxicos 2013.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na




(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 5

Serie A N.º 2791356

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de xuño de 2014



APEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Fundación Ferias y Exposiciones de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 1.500,00 €.

-Obxecto: os premios do Concurso de Proxectos Tecnolóxicos 2013.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de xullo de 2014.

6.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da urxencia dos asuntos, por non figurar incluídos na orde do día, adoptáronse os seguintes acordos:

6.a) RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN CULTURAL NO CAMPUS DE OURENSE.-

Con data 3 de xuño de 2014, a Presidencia da Deputación subscribiu un convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense.




(Sinatura do Presidente)

Folio N.º6

Serie A N.º 2791356

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de xuño de 2014



APPEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

A través do dito convenio, concédeselle unha subvención nominativa á Universidade de Vigo por importe de 165.000,00 € para o financiamento de actividades culturais, educativas e de investigación previstas na súa cláusula terceira.

Dada a competencia atribuída á Xunta de Goberno polo artigo 2 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial, resulta necesaria a ratificación do dito convenio por este órgano.

Polo exposto, de conformidade coa proposta favorable da Presidencia e trala declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Ratifica-lo convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación Provincial de Ourense, para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense, subscrito pola Presidencia o día 3 de xuño de 2014.

6.b) RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O PROGRAMA DE BOLSAS DE MOBILIDADE "OURENSE EXTERIOR".

Con data 3 de xuño de 2014, a Presidencia da Deputación subscribiu un convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación Provincial de Ourense para o programa de bolsas de mobilidade "Ourense Exterior".

A través do dito convenio, concédeselle unha subvención nominativa á Universidade de Vigo por importe de 10,000,00 € para o co-financiamento de dez (10) bolsas destinadas a estudantes descendentes de emigrantes ourensáns, galegos ou españois e para cidadáns estranxeiros para cursar estudos de máster presenciais no Campus de Ourense da Universidade de Vigo.

Dada a competencia atribuída á Xunta de Goberno polo artigo 2 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial, resulta necesaria a ratificación do dito convenio por este órgano.

Polo exposto, de conformidade coa proposta favorable da Presidencia e trala declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:




(Sinatura do Presidente)

Folio N.º7

Serie A N.º 2791356

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 6 de xuño de 2014



APEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

- Ratifica-lo convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación Provincial de Ourense, para o programa de bolsas de mobilidade "Ourense Exterior", suscrito pola Presidencia o día 3 de xuño de 2014.

7.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día seis de xuño do ano dous mil catorce, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,